

# actividades Verán de



[incude.udc.es](http://incude.udc.es)  
[xadrezuniversitario.org](http://xadrezuniversitario.org)



## Coñeces o Castro de Elviña?

Pese a estar ao lado  
do Campus  
é un grande descoñecido  
para moitos



O poblado, situado na parroquia de San Vicente de Elviña, foi declarado Monumento Histórico Artístico no ano 1982. As primeiras escavacións foron dirixidas por José María Luengo e Luís Monteagudo e a segunda fase, xa nos anos oitenta, por Felipe Senén López. Os tres ocuparon no seu momento o posto de director do Museo Arqueolóxico.

O castro está formado por recintos aterrizados, separados por murallas, entre as que destaca a que rodea a croa (o recinto principal máis elevado).

Nalgúns dos seus tramos, a muralla supera hoxe os catro metros. Unha das construcións máis destacadas é o alxibe dada a súa singularidade entre os castros galegos. No castro atopouse o famoso tesouro de Elviña (conservado no Museo arqueolóxico e histórico do Castelo de San Antón).

Nas escavacións realizadas nos anos 2002-2003, acháronse probas de que o castro era bastante máis grande do que se cría, cunha extensión aproximada dunhas sete ou oito hectáreas e unha poboación de dous milleiros de persoas cara ao ano 50 d. C.

Estímase que o Castro foi habitado dende o século III a. C. até o VI d. C., en que foi abandonado. O lóxico é pensar que a súa poboación se foi movendo de forma progresiva a Brigantium.

# Visita

Xoves 4 de xullo  
Castro de Elviña  
11.30 horas na Casa da Galería  
no Campus de Elviña.  
(Máximo 30 persoas  
Inscripcións en [incude@udc.es](mailto:incude@udc.es))

Como sabemos que moitos non coñecen outros museos e lugares destacados da cidade, queremos animarvos a facer máis visitas. Facéndoas en grupo será máis divertido! Temos previstas xa algunhas coma:

## Mércores 10 de xullo

Castelo de San Antón para coñecer o tesouro de Elviña.  
17.00 na porta do propio Museo.

## Mércores 14 de agosto

Casa Museo Emilia Pardo Bazán e Real Academia Galega.  
12.00 horas na porta, na rúa Tabernas, 11.  
Máximo 25 persoas.

## Mércores 28 de agosto

Museo Militar Rexional.  
17.00 horas na porta do Museo.

Infórmate na nosa web [incude@udc.es](mailto:incude@udc.es) doutras actividades e variacións sobre as previstas e tamén de toda a actividade do xadrez universitario.

Este folleto e a iniciativa de visitar o Castro foron financiados pola Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura da Universidade da Coruña

Faite socio da nosa entidade e axuda ó noso funcionamento (só 1 euro por curso)



NOME

APELIDOS

DATA DE NACEMENTO

DNI

CORREO ELECTRÓNICO

MÓBIL

- PERTENCE ACTUALMENTE Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA DA UDC
- EXALUMNO DA UDC
- SEN RELACION COA UDC

FACULTADE/ESCOLA:

Sinatura:

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado SOCIOS, do que o responsable do tratamento será INCUDE. A súa finalidade e usos previstos serán a xestión da lista de socios da asociación. Así mesmo autorízase á utilización do teléfono e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte de INCUDE. Os datos non serán cedidos a outras entidades. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ós datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer por medio dun escrito dirixido a INCUDE, Centro Universitario de Riazor, A Coruña, nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da devandita Lei Orgánica.